

**Autores:** BUENDÍA EISMAN, L.,  
GONZÁLEZ GONZÁLEZ,  
D. e POZO LLORENTE, T.  
(Coords.)

**Ano:** 2004

**Título:** *Temas fundamentales en la  
investigación educativa*

**Lugar:** Madrid

**Editorial:** La Muralla

A presente publicación aborda cuestións centrais e absolutamente vixentes no ámbito da investigación educativa, asuntos especialmente relevantes dende unha óptica actual e de futuro no contexto dunha sociedade global.

A investigación educativa como “o estudo dos métodos, dos procedementos e das técnicas utilizadas para obter un coñecemento dos fenómenos educativos” debe adaptarse ás transformacións sociais acontecidas nas últimas décadas, co fin de lles dar resposta aos problemas que a sociedade actual demanda, principalmente no ámbito da educación.

Dende esta formulación, expertos da área de Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación de diversas universidades españolas ofrécennos, ao longo dos sete capítulos do libro, o seu saber en relación con temas de máxima actualidade na investigación educativa. O coñecemento pedagóxico, a avaliación, a investigación e metodoloxía educativa, o diagnóstico, o movemen-

to de “educación para todos”, así como a formación e inserción profesional son os eixes temáticos arredor dos que xira esta obra, froito das achegas dos autores ao XI Congreso Nacional de Modelos de Investigación Educativa “Investigación y Sociedad”, celebrado en Granada os días 25, 26 e 27 de setembro de 2003.

O primeiro capítulo achéganos, a partir da consideración da investigación pedagóxica como “un modo de producir coñecemento”, información sobre os factores que conforman a produción e acumulación de coñecemento e os principais modelos emergentes na investigación educativa actual: a investigación educativa baseada no deseño e a esixencia de coñecemento fundamentada na evidencia empírica por parte do Congreso-Gobierno dos Estados Unidos.

No segundo capítulo, dedicado ao ámbito da avaliación, Mario de Miguel, a través da percepción e da reflexión sobre a práctica da súa actividade profesional, ofrécenos algúns puntos de vista sobre os retos que

actualmente ten a avaliación da actividade científica nas súas dúas perspectivas fundamentais, a avaliación como disciplina e a avaliación como compromiso.

O futuro da investigación educativa é un dos temas abordados no capítulo seguinte. A partir dunha primeira reflexión introdutoria sobre o “para que”, “que” e “como” da investigación educativa, procédese, deseguido, a realizar unha análise dos contidos e pautas metodolóxicas das principais liñas de investigación actuais, para rematar con algunhas suxestións para mellorar a calidade da investigación educativa.

Baixo esta mesma temática, no capítulo cuarto, os profesores da Universidade de Santiago de Compostela, José Cajide, Ana Porto e Esther Piñeiro, centran a súa exposición na metodoloxía utilizada na investigación educativa actual. Para iso, ofrécennos, en primeiro lugar, uns apuntamentos históricos sobre a evolución da metodoloxía de investigación, a través das achegas dos autores máis sobresaíntes no ámbito metodolóxico para, a continuación, mostrar os resultados dun estudo de corte empírico, no que se analizan os métodos e técnicas estatísticas utilizados en artigos recompilados dunha mostra de revistas de ámbito nacional durante o bienio 2000-2002.

Nesta obra, tamén se lle concede un espazo á realidade educativa

do diagnóstico. Así, iníciase o capítulo quinto, cunha aproximación ao diagnóstico a través de tres perspectivas diferentes: como disciplina, como concepto e como práctica profesional ou actividade educativa. Seguidamente, revísase a situación actual e futura do diagnóstico dende a retrovisión do seu pasado e preséntanse os campos de investigación e as innovacións tecnolóxicas que están a aflorar neste ámbito a curto e medio prazo. Para rematar, ofrécense algunhas reflexións para a obtención dun posible modelo de diagnóstico en educación.

O capítulo sexto está dedicado á “educación para todas as persoas”. A súa autora, Carmen Jiménez, comeza o seu discurso contextualizando a educación para todos, a través da identificación dos sinais de identidade da globalización e da revolución tecnolóxica. Posteriormente, analiza os informes que, dende os anos 90, contribuíron a fixar con forza a idea dunha educación de calidade para todos, dende a Conferencia de Jomtien (1990) ata os traballos de París (2002). Nos dous seguintes apartados trata cuestións referentes á educación inclusiva e bosqueja ideas para reorientar o sistema educativo dende a consideración de criterios analíticos con alto significado para a inclusión escolar como son o xénero, a capacidade extrema, e o grupo étnico de procedencia ou a diversidade cultural. Toda a súa argumentación remata cunha reflexión

final, a xeito de epílogo e proposta, no senso de que a escola debe e pode aprender a ser tamén eficaz cos máis prexudicados a través dunha educación de máis calidade.

O sétimo e último capítulo está dedicado a un tema de gran repercusión, tanto social, como no ámbito da investigación actual, que é a formación e inserción profesional. A partir dunha descrición moi sintética da situación laboral da Unión Europea, analízase a incidencia da formación nos procesos de inserción e transición laborais a partir de resultados achegados por investigacións sobre o tema. Conclúe o capítulo formulando unha serie de recomendacións sobre as pau-

tas educativas que se deben seguir na resolución da problemática abordada.

En síntese, a obra é un punto de referencia obrigado para todo profesional vinculado á investigación en educación que desexe ter un maior coñecemento das demandas que a sociedade actual lle formula á investigación, así como dos novos retos que esta ha de superar para incidir en maior medida na solución dos problemas sociais.

A súa lectura axudaranos a continuar traballando na realización de investigacións que nos ofrezan un maior coñecemento das problemáticas que van xurdindo con motivo das transformacións sociais e educativas actuais e de futuro.

*M<sup>a</sup> Josefa Mosteiro García*  
Universidade de Santiago de Compostela